



**O ÚNICO QUE VERDADEIRAMENTE QUIXEN TODA A VIDA É SER DELGADA**

UNHA OBRA DE AUTO[NO]N]FICCIÓN DE ESTHER F. CARRODEGUAS

## ***O único que verdadeiramente quixen toda a vida é ser delgada***

Finalista I Concurso Monólogos da SGAE

Cunha sinceridade crúa, neste texto de auto[**NON**]ficción, Carrodegas aborda a relación co seu corpo, marcada por la gordofobia que se respira en calquera pequena esquiniña desta nosa apaixonante sociedade da fermosura. Porque por moito que te agoches, a gordofobia segue sempre ao teu carón. Sobre todo porque está en ti.

**ESTHER F. CARRODEGUAS** (Rianxo, 1979).

Actriz, directora, performer pero sobre todo: escritora. Rianxeira de pura cepa, asenta o seu currículo vital entre as letras, o audiovisual e o teatro. O seu estilo cabalga sobre do espazo liminal que separa os xéneros. **Graduada en Dirección e Dramaturxia pola ESAD de Galicia e Licenciada en Periodismo** entre Santiago de Compostela e Turín, os seus proxectos teatrais beben moito da súa faceta xornalística. Directora durante anos da histórica compañía galega **Teatro Airiños**, tras levar o **Premio Abrente** para textos teatrais en 2015 por **Voaxa e Carmín** decide dar vida á plataforma profesional **ButacaZero** xunto a **Xavier Castiñeira**, quen adoita asumir a dirección dos proxectos comúns. Membro do consello de redacción da **Revista Galega de Teatro** e organizadora xunto a Santiago Cortegoso do **Torneo Galego de Dramaturxia**, en 2020 recibe o **Premio Barriga Verde** para teatro de monicreques por **República Sideral**. Ese mesmo ano ven seleccionada na **I Residencia Dramática do Centro Dramático Nacional**, onde escribe **Supernormales**, que o propio **CDN** estrea en marzo de 2022 (proxecto que se repón na temporada no 2023 e arrancará xira en 2024). No ámbito profesional os seus textos foron estreados tamén polo **Centro Dramático Galego**, a compañía **De Ste Xeito**, **Octubre Producciones** ou o **Teatro Español**. Na actualidade compaxina a súa faceta como empresaria en **ButacaZero** coa de ser **dramaturga, directora teatral, actriz ou guionista de cine**.


*Vai romper unha perna  
Cos patíns  
Esta nena  
Esta nena está gorda  
E non pode  
Andar en patíns  
Os patíns son para as nenas  
Delgadas  
Para nenas delgadas  
Non para nenas  
Gordas*

**ESTA NENA SON EU  
A TÚA FILLA**

*Cóllense os patíns  
E tíranse os patíns  
Porque esta nena está gorda  
Gorda coma un tonel  
E se vai nos patíns  
Vai romper as pernas  
E se rompe as pernas  
Vai ter que ir ao hospital  
Si: ao hospital  
Imos ter que ir ao hospital  
Coa nena*

**E FUN  
AO HOSPITAL**

*¿Non cho dixen?  
¿No che dixen EU que remataríamos no hospital  
Coa puta nena gorda?  
Non se volven usar os patíns  
Nesta casa  
Non se volven usar  
Porque o digo EU*



Cando estás gorda  
Coma min  
Cando te sentes tan pouco atractiva  
Coma min  
Tes un certo ODIO  
Ás persoas  
Delgadas  
Guapas  
Atractivas  
Ás persoas que ´molan´  
Ás persoas que comen  
Que foden  
Que se miran no espello e se gustan  
Ódialas porque as envexas  
E envéxalas porque comen  
Porque foden  
Porque se miran no espello e se gustan  
Ti tes para ti que elas o conseguiron todo  
Só porque están delgadas  
Tes para ti que estar delgada  
Regálao todo  
É MENTIRA  
Mais semella verdade  
E parecer  
Que é mentir  
Por veces é máis verdade que a verdade  
E a verdade ninguén sabe o que é  
E a mentira convértese en verdade  
Porque a túa cabeza pode converter en verdade o que  
lle dea a gana  
E non hai nada peor que o degoiro de auto destrución  
dunha cabeza  
**NON HAI NADA PEOR QUE O DEGOIRO DE AUTO  
DESTRUCCIÓN DUNHA CABEZA**



*Non podes bailar porque estás gorda  
Non podes comer porque estás gorda  
Non podes conseguir nada na vida porque estás gorda  
Tes que loitar o triplo que todos e todas as demais  
Porque estás gorda*

*Nunca ninguén te vai querer  
Porque estás gorda*

Esta é a mellor de todas  
A mellor de todas as ideas que se lle inculcan a unha  
pequena nena gordiña dende que ten cero anos  
É que nunca ninguén a vai querer porque está gorda

**\*ATENCIÓN\***

A túa cabeza  
Estache a poñer en contra desta idea  
Estás a pensar que é mentira  
Que esta maldita gorda  
Que nin sequera está gorda de todo

Esaxera

Pero no fondo

No verdadeirísimo fondo do teu maldito corazón

Sabes que cando ves a unha nena gorda

Ou a un neno gordo

Pensas

“Pobre nena gordiña

Que non vai pillar cacho nunca na vida”

Este pensamento tradúcese nun ricto

Unha especie de mirada

Quizais

De conmiseración

Ou eu que sei

Que nos fai ver

Aos e ás gordas

Demasiado pronto nas nosas vidas

Que non imos poder pillar cacho

No que nos queda de vida



## XAVIER CASTIÑEIRA

Licenciado en Dirección de Escena pola Resad de Madrid. **Máster Universitario en Teatro y Artes Escénicas** pola Universidade de Vigo e case-licenciado en **Filoloxía Hispánica** pola USC. Axudante de dirección de **Manuel Lourenzo** desde 1998 a 2001 e **director da aula Universitaria de A Coruña** no ano 2000. Colaborador en numerosos proxectos de **La Cuarta Pared** durante a súa estada en Madrid, dende os seus inicios **compaxina a súa labor creativa coa docente**, impartindo aulas en grupos *amateurs*, talleres de interpretación (de dirección ou de investigación escénica) e tamén aulas regulares. Fundador da plataforma **ButacaZero** (na cal dirixe a gran maioría de proxectos escénicos) dende o 2011 é **docente na ESAD de Galicia** (Especialidade Dirección). É o responsable de máis de 20 espectáculos entre os que destacan *El Buscón, Voaxa e Carmín, O Campo, Novecento, RxJ, 32m<sup>2</sup>, Despois das ondas, #camiños...* Actualmente está inmerso no seu doutorado que aborda a relación entre as neuronas espello para deseñar un modelo de recepción para a creación espectacular.

## JUANMA LODO

**Artista multidisciplinar e músico de electrónica experimental.** Como realizador audiovisual produciu **catro documentais** para o Festival de Cans e foi comisario do **Faiado do Cultural**. É **licenciado en diseño industrial e gráfico**, completando a súa educación universitaria entre España e Portugal. Actualmente atópase ampliando os seus estudos. Realizou workshops como **Touch&Play** e **sesiones BIP**, onde os asistentes abren os seus ollos á música creada con instrumentos electrónicos e outros aparatos sonoros.

Juanma Lodo **busca romper a línea que separa ao artista electrónico do público**, invitándonos a descubrir o mundo das “caixas negras con botóns e teclas” tamén coñecidos como sintetizadores, caixas de ritmos, loopeadores...

# ButacaZero

é a plataforma creativa de **Esther F. Carrodeguas** y **Xavier Castiñeira**, que propoñen un teatro que dialoga directamente co mundo actual.

**ButacaZero** deuse a coñecer no ano 2016 durante a **Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia** coa estrea de **Voaxa e Carmín**, peza que inicia una **triloxía sobre a memoria** (neste caso histórica, ao levar a escena ás coñecidas Marías de Santiago de Compostela). No 2017 estrean **na butaca [fantasía nº3 en Dor Maior]**, un solo en el que se aborda a memoria dende o esquecemento individual, investigando sobre as demencias. En 2018 dan vida a **#camiños**, una coprodución co **Centro Dramático Galego** que pechaba a triloxía reflexionando sobre la memoria dun pobo: o galego.

En 2019 arrancan unha nova senda da compañía coa peza **Despois das ondas (Tras las olas)**, de Ernesto Is. Deciden **apoiar a certos creadores contemporáneos** coa vontade de **ampliar as súas propias fronteiras**, investigando neste caso o mundo do **teatro cinematográfico** nuna obra que narra a **vida da actriz galega María Casares**. Este mesmo espírito de **investigación de novas linguaxes** e apoio a creadores contemporáneos dará vida á **ópera electrónica Papagena**, que se estreará neste 2022, despois de estrear en 2021 **32m<sup>2</sup>**, unha **reflexión sobre o confinamento** vivido en conxunto un ano antes.

## HISTÓRICO DE ESTREAS

**Papagena** | 2022

**32m<sup>2</sup>** | 2021

**Velliñas** | 2020 (Coprodución Inherente Teatro)

**Despois das ondas** | 2019 (Coprodución Deputación da Coruña)

**#camiños** | 2018 (Coprodución CDG)

**na butaca** | 2017

**Voaxa e Carmín** | 2015 (Coprodución Eme2 + MIT Ribadavia)

**El Bvscón** | 2014 (Coprodución Goliardos)

**Supermarket** | 2013



**UNHA PRODUCCIÓN BUTACAZERO**

butacazero.com

Esther F. Carrodegua

629 694 432

[info@butacazero.com](mailto:info@butacazero.com)

**DISTRIBUCIÓN GALICIA**

Esther F. Carrodegua

629 69 44 32

[carrodegua@butacazero.com](mailto:carrodegua@butacazero.com)